



A espiritualidade ignaciana e a transformación de conflitos

María Cancelo Baquero¹

Quero compartir con lectores e lectoras unha experiencia que se desenvolveu nestes últimos anos na Comunidade de Vida Cristiá en España (CVX-E) e que amosa como a espiritualidade, neste caso a ignaciana, pode ser posta ao servizo da transformación de conflitos para lograr unha sociedade máis reconciliada.

Formo parte do que se coñece como Comunidade de Vida Cristiá (CVX). Somos un grupo de persoas laicas, de diferentes idades e condicións, con diferentes dons e chamadas, distribuídas por todo o mundo. O noso desexo é achegarnos, cada día máis, ao xeito de proceder de Xesús de Nazaré e traballar na construción do Reino desde os valores e a espiritualidade de santo Ignacio de Loiola. Para iso temos ao noso alcance os medios ignacianos: os Exercicios Espirituais, o exame diario, o discernimento, o acompañamento e a propia comunidade. E, en definitiva, todo o que nos axuda a buscar e a achar a Deus en todas as cousas, e a ser homes e mulleres para os demais.

Organizámonos en pequenas comunidades locais e estatais onde compartimos vida e misión, mais á súa vez formamos parte dunha única Comunidade Mundial que nos axuda a atopar as chamadas de Deus para transformar este mundo.

Como comunidade laical, CVX defínese, entre outras cousas, polo seu compromiso a favor da transformación da sociedade como resposta ao seguimento do Xesús. É Xesús mesmo quen nos con-

¹ María Cancelo Baquero é bióloga, forma parte da Comunidade de Vida Cristiá na Coruña e é membro do Consello de Redacción da revista *Encrucillada*.